

Evolución e cambios na normativa oficial do galego (1982-2007)

Evolution and changes in the official rules of Galician (1982-2007)

Diego MUÑOZ CARROBLES

Universidad Complutense de Madrid
munozcarrobles@gmail.com

[Recibido, xaneiro 2008; aceptado, febreiro 2008]

RESUMO

Neste artigo tentaremos facer unha análise dos cambios producidos na normativa oficial do galego desde a súa declaración como lingua cooficial no Estatuto de Autonomía de 1982 até a actualidade. Despois de facermos unha breve introdución histórica, procuraremos os criterios e razóns que xustificaron as sucesivas modificacións e mais falaremos dalgúns aspectos sociais da normativa.

PALABRAS CHAVE: Normativización, lingua estándar, normativa oficial, lingua cooficial.

MUÑOZ CARROBLES, D. (2008): “Evolución e cambios na normativa oficial do galego (1982-2007)”. *Madrygal (Madr.)*, 11: 49-56.

RESUMEN

En este artículo intentaremos hacer un análisis de los cambios producidos en la normativa oficial del gallego desde su declaración como lengua cooficial en el Estatuto de Autonomía de 1982 hasta la actualidad. Después de hacer una breve introducción histórica, buscaremos los criterios y las razones que han justificado las sucesivas modificaciones y hablaremos de algunos aspectos sociales de la norma.

PALABRAS CLAVE: Normativización, lengua estándar, normativa oficial, lengua cooficial .

Muñoz Carrobles, D. (2008): “Evolución y cambios en la normativa oficial del gallego (1982-2007)”. *Madrygal (Madr.)*, 11: 49-56.

ABSTRACT

In this article we are going to analyse the changes produced in the official rules of the Galician language since its declaration as an official language in the 1982's Statute of Autonomy till our days. After having done a brief historical introduction, we will look for the criteria and the reasons that justified those changes and we will talk about some social aspects of these rules.

KEY WORDS: Official rules, standard language, official language.

Muñoz Carrobles, D. (2008): “Evolution and changes in the official rules of Galician (1982-2007)”. *Madrygal (Madr.)*, 11: 49-56.

SUMARIO: 1.Introdución histórica. 2. O estándar do galego. 3. Os cambios na normativa. 4. Arredor da normativa oficial. 5. Conclusións. 6. Referencias bibliográficas.

1. INTRODUCCIÓN HISTÓRICA

O camiño até a oficialidade non foi doado. Xa dende o Rexurdimento no século XIX sentirase a necesidade dunha lingua literaria unida e sentáranse as bases da reivindicación lingüística en Galicia, tamén nos primeiros anos de século XX coas importantes contribucións das Irmandades da Fala e do Seminario de Estudos Galegos: cite-mos por exemplo a *Gramática do idioma galego*, de Manuel Lugrís Freire, 1922 *Algunhas normas para a unificación do idioma galego*, 1933.

Porén é nos anos sesenta e setenta do pasado século cando atopamos as reivindicacións máis importantes en prol da lingua galega. A posibilidade de poder estudar materias de Lingua e Literatura Galegas na Universidade de Santiago de Compostela desde 1965¹ e a creación do Instituto da Lingua Galega uns anos máis tarde, presaxiaban que o galego podía ter tamén un futuro oficial.

A chegada da democracia supuxo a aparición dunha esperanza nova para a lingua galega, seguindo o exemplo do proxecto de Estatuto de Autonomía da Segunda República, renacía a posibilidade de dotar ao galego dun status de oficialidade. En 1977 a Universidade de Santiago de Compostela publica as *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego*, o texto de maior rigor filolóxico do período preestatutario. En 1982 aprobábase o Estatuto de Autonomía que contemplaba a cooficialidade das linguas galega e castelá na Comunidade. Daquela só ficaba fixar a lingua estándar, normativizar a lingua galega: decidir qué galego teríase de utilizar nos contextos oficiais e a lingua que os nenos aprenderían na escola.

Normativizar o galego non ía ser unha tarefa doada. Despois do séculos escuros e tras a Ditadura de Franco (aínda máis escura para a lingua galega) a situación de diglosia impuxérase entre as dúas linguas faladas en Galicia–galego e castelán. Isto quere dicir que había unha lingua considerada de prestixio social (lingua A): o castelán, lingua empregada na Administración e nos rexistros formais e mais outra lingua cun status sociolingüístico inferior (lingua B): o galego, que só empregábase nos usos cotiáns e familiares.

A ausencia do galego no sistema educativo e mais a xa comentada diglosia provocaran a sensación entre os galegofalantes de que non había

unha lingua galega única, mais un galego en cada vila, aldea e lugar. Esta idea falsa ía facer aínda máis difícil a normativización do idioma: que normas elixir para ser aceptadas pola poboación galega? Como ensinar o galego na escola?

Regular a lingua con normas gramaticais e ortográficas de uso supón unha etapa necesaria para a súa supervivencia. Sen o labor do gramático Pompeu Fabra (autor das *Normas ortográficas* en 1913 e dunha *Gramática catalana* en 1918) a lingua catalana tería sido máis débil, non esqueceramos que a unión fai a forza... Comprobamos isto no caso do occitano, unha lingua que viviu o seu esplendor na Idade Media e que a falta de normativa e a brutal diglosia produto da Revolución francesa de 1789 e do centralismo parisino condenaron a un futuro incerto.

O proceso normativizador do galego establecido no Estatuto de 1982 foi levado a cabo pola Real Academia Galega (RAG) asistida polo Instituto da Lingua Galega (ILG). Ademais da diglosia xa mencionada, o obxectivo era lograr unha lingua estándar baseada na lingua falada pola xente, tomando en consideración as variantes dialectais e a historia literaria da lingua. Facer unha lingua oficial que fose tamén unha lingua real, un galego que a xente puidese recoñecer como lingua de seu.

2. O ESTÁNDAR DO GALEGO

A normativa oficial de galego, é dicir, a descrición de como ha de ser o galego estándar ou galego padrón, atópase nas *Normas² ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, aparecidas na súa primeira edición en outubro de 1982. Estas normas son o resultado da actividade conxunta da RAG e do ILG máis arriba mencionada.

“As presentes normas constitúen o acordo da Real academia galega e do Instituto da Lingua Galega en materia de unificación ortográfica e morfolóxica”.

Na “Introducción” a todas as edicións das *Normas...* atopamos os principios que guiaron a súa elaboración: necesidade dunha lingua próxima á falada e sen castelanismos, supradialectal,

¹ Ricardo Carvalho Calero foi o primeiro Catedrático de Lingua e Literatura Galegas.

² Empregaremos o termo “Normas” en maiúscula ao longo do artigo para nos referir á obra *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Non confundir con “normas”.

que respecte a tradición literaria e que sexa coherente coas outras linguas románicas en especial co portugués.

O obxectivo era pois acadar unha lingua real, viva e apta para todos os usos sociais. Sen dúbida o principal “inimigo” era a presenza de castellanismos no galego, produto da situación de diglosia na que Galicia vivira durante moitos anos, daquela a RAG e o ILG procurarán ás veces formas literarias. Outro problema ía ser salvar as diferenzas dialectais (bloques occidental, central e oriental, seseo, gheada...) sen dar a sensación de estar diante dunha lingua artificial e pouco verosímil.

Non foi menos importante a decisión de escoller un estándar que partise do galego para chegar ao galego, é dicir, evitando as formas vulgares, arcaicas ou hiperenxebistas: “Unha lingua común asentada na fala, mais depurada de castellanismos, supradialectal, enraizada na tradición, coherente e harmónica con demais linguas de cultura...” (NOMAG)

As *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* funcionan como gramática normativa, xa que son un inventario das formas do galego que han de ser consideradas estándar ou oficiais. Nesta obra temos o alfabeto galego, os acentos, os signos de puntuación e as diferentes categorías gramaticais de palabras: o artigo, o substantivo (xénero e número), os determinantes, as preposicións e o verbo, cunha detallada explicación das conxugacións regular e irregular.

Non se limitan a nomear as formas do galego estándar, acompañanse en moitas ocasións de explicacións lingüísticas e históricas para xustificar a presenza dunha forma normativa. Así por exemplo cando trata o plural das palabras rematadas en -n:

Nas palabras patrimoniais oxítonas a lingua falada ofrece tres posibilidades de formación de plural para estas voces: cans, cas e cais. A primeira delas ocupa o occidente de Galicia e comprende a área de maior densidade demográfica...

2.1. ALGÚNS CRITERIOS PARA A ELECCIÓN DAS FORMAS NORMATIVAS:

Aínda que referido aos sufixos e ás terminacións, queremos salienta un parágrafo das *Normas* que nos parece interesante para dar ao lector unha idea xeral sobre o espírito do estándar galego: “No referente a sufixos e terminacións o

galego adopta solucións propias, que unhas veces son específicas e outras veces coinciden co portugués e/ou co castelán.” (Capítulo 8, edición 1995) Así o galego reafirmará mediante a normativización a súa independencia lingüística, aínda que por evidentes motivos lingüísticos e históricos, posúa moitas formas semellantes ás portuguesas (a lingua irmá) e ás castelás (a outra lingua cooficial da Comunidade Autónoma).

O labor de normativizar unha lingua é difícil e complexo. Se á complexidade intrínseca do proceso engadimoslle unha situación de diglosia, unha grande variedade dialectal e unha polémica política, o resultado será froito de un traballo longo e delicado, na procura duns criterios coherentes e razoábeis para apoiar e sustentar o novo estándar.

Despois de observarmos as tres edicións das Normas podemos distinguir os principais criterios seguidos pola RAG e polo ILG na elaboración da normativa oficial e que en xeral respectan os principios formulados na Introducción das Normas, a procura de coherencia, de formas vivas, propiamente galegas e supradialectais:

- Uso maioritario: “avoa” (*avó)
- Forma galega desde sempre (sic): “escribir” (*escreber)
- Área maior: “fixen” (*fiz-)
- Tradición escrita moderna: “-bel”
- Forma máis productiva para derivar: “poñer”
- Forma tradicional: “ti es” (*ti eres), sufixo “-aria”
- Forma libre de influxo alleo: “sexa”
- Forma viva na fala: “dicir”, sufixo “-ería”
- Forma libre de sospeita de préstamo: “dicir”
- Criterio diferencialista: “isto” (*esto)
- Criterio etimolóxico: “levar”
- Solución patrimonial: “espazo”

Algúns criterios apóianse en razóns demográficas: as formas máis estendidas na fala tiveron preferencia para seren consideradas formas normativas. Escoller a forma falada polo maior número de xente parécenos moito máis lóxica do que preferir unha forma pouco coñecida aínda que sexa máis correcta dende o punto de vista etimolóxico. “Pero tendo en conta a maior tradición de caer e a maior extensión na fala actual, débese escoller esta forma como normativa.” (Cap.17.3.25) ou ben “Nós e vós son demográfi-

ca e xeograficamente maioritarias, e por iso deben ser preferidas” (Cap.15.1.1).

Legado a este punto podemos engadir o criterio de área maior, segundo o cal preferírase a forma que teña unha distribución xeográfica máis ampla, o que quererá dicir que esta forma só foi substituída por outras (castelanismos quizais) nalgunhas partes. Así: “O criterio de área maior aconsella escoller como normativas fixen, etc...” (Cap.17.3.8).

Os normativizadores do galego non podían esquecer a historia da lingua, por iso haberá solucións que reflectan a etimoloxía e se recuperarán as formas patrimoniais da lingua, evitando así os neoloxismos na procura dunha lingua oficial máis enxebre. Porén, debemos comentar a falta de rigor científico na expresión “forma galega desde sempre” que atopamos nas Normas, deberíase falar de forma testemuñada historicamente.

A literatura é outra das fontes inspiradoras da norma oficial do galego, especialmente á dos séculos XIX e XX. Se os escritores prefiren determinadas formas, entón temos xa unha razón para apoiar a consideración dalgunhas palabras como parte do estándar.

A terminación *-ble* impúxose como solución xeral en todo o territorio galego, e mesmo se documenta no norte de Portugal. [...] De por parte, *-bel*, *-beis*, ten tamén unha importante presenza na lingua escrita xa desde o século XIX.

Tamén foi importante o criterio diferencialista, que consistiría en escoller as formas puramente galegas, fronte a posíbeis influxos portugueses e sobre todo casteláns. Así a normativa oficial pode ser o espello da independencia lingüística do galego.

Tense adoptado un sistema de demostrativos con *i-* en todos os casos, tratando de fuxir do que se consideraba castelán ou pozo diferencial [...] Este mesmo criterio diferencialista levou a escoller como normativo o paradigma *c*) [este, esta] coas formas neutras isto, iso, aquilo. (Cap.15.3.1).

Existe un criterio puramente gramatical, o da derivación. A RAG prefere en ocasións a forma sobre a cal será máis fácil a derivación, é o caso, por exemplo, de *poñer*. Aínda que a forma *pór* é oficial, as Normas explican esta elección:

Desde un punto de vista normativo calquera dos resultados (*pór* e *poñer*, *pomos* e *poñemos* etc.) é aceptable, porque ambos os dous son galegos. [...] Historicamente, a solución *pór* é a máis

documentada. Parece recomendable darlle preferencia a *poñer*, que é máis produtivo como base para formar derivados (*poñedora* e non **podora*).

Agora ben, estes criterios tirados da nosa análise das diferentes edicións das Normas están continuamente mesturados e relacionados. Ás veces a elección dunha forma normativa está sustentada en varios criterios, vexamos o exemplo de *dicir*:

Mesmo a forma *decir*, que normalmente se descarta como castelanismo, pode ter xustificación dentro da propia deriva do galego [...] Entre unha forma arcaica ou préstamo do portugués (*dicer*), un posible préstamo do castelán (*decir*), unha forma galega viva amplamente representada na fala e libre de toda sospeita de préstamo (*dicir*), normalmente debe optarse por esta última.

Neste parágrafo vemos que se prefere a forma viva na fala, rexeitando os arcaísmos e tamén elixese unha forma que non poida ser préstamo de outra lingua. Xa que máis dun criterio aválana, a palabra “*dicir*” pasa a ser a forma normativa oficial.

A análise da normativa déixanos un paradoxo: por que ás veces óptase pola forma etimolóxica e tradicional e outras veces pola forma viva esquecendo a tradición? Normalmente preferírase a forma tradicional se esta atópase tamén na lingua actual, é inútil rescatar un arcaísmo, salvo que sexa necesario para non normativizar un préstamo doutra lingua. Este criterio diferencialista, que procura a galeguidade total da normativa será en ocasións o elemento chave para tomar a decisión; aínda que en ocasións escollerase unha forma innovadora, se esta ten máis vitalidade na fala de hoxe:

Tein (e *vein*) ocupa a franxa oriental; *teñen* (e *veñen*), o territorio complementario [...] Por esta razón e por ser a forma de maior vitalidade na lingua falada e escrita moderna, *teñen* (e *veñen*), aínda sendo unha forma innovadora, debe ser preferida como normativa. (Cap.17.3.24).

Finalmente debemos mencionar a existencia de dúas formas oficiais en moitos casos. Tomando o exemplo do sufixo “*-bel*” (plural “*-beis*”) e “*-ble*” (plural “*-bles*”), aínda que sexa máis recomendábel escribir “*amábel*” e “*amábeis*”, o único criterio a seguir é manter a coherencia do

seu uso nos textos, é dicir, usar unha das formas en todo o texto, sen mesturar as dúas.

3. OS CAMBIOS NA NORMATIVA

Até o momento da redacción deste artigo as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* coñeceron tres edicións: a inicial en 1982, a segunda en 1995 e a terceira no 2003.

3.1. A NORMATIVA DE 1982

Reunidos en sesión conxunta o ILG e a RAG en xullo de 1982, aprobábase a primeira normativa oficial do galego no contexto da España democrática das Autonomías. O chamado “decreto Filgueira” (Decreto de Normativización da Lingua Galega) supoñía a oficialización destas normas. Cómpre lembrar que o ano 1983 foi especialmente importante para a lingua galega xa que ademais da normativa oficial entraba en vigor o lei de Normalización Lingüística.

3.2. OS CAMBIOS DE 1995

Trece anos despois, en 1995, tiña lugar a primeira revisión das Normas, produto de estudos máis profundos e documentados sobre a historia do galego e a sociolingüística e coa intención de ampliar e mellorar a primeira versión. Como consta na “Nota á decimoterceira edición”:

A esta altura pareceunos necesario facer un exame pausado do texto normativo que nos levou ó fondo convencemento da súa bondade, da súa solidez científica e da plena validez dos principios que o inspiran. Non obstante, considerámo-la conveniencia de realizar pequenas modificacións puntuais, de reforzar algúns dos argumentos e, sobre todo, de cubrir algunhas lagoas que presentaba a versión do ano 1982.

Non hai moitos cambios nesta segunda versión. Engádese unha sección adicada ao uso das maiúsculas (Cap.4) e cambia a clasificación das conxuncións (Cap.19). No capítulo 1, que trata do alfabeto galego engádese a transcripción do fenómeno fonético da gheada: “gh”. O apartado sobre a formación do feminino é máis amplo nesta edición e os “indefinidos” son denominados “cuantificadores”.

3.3. A NORMATIVA DE CONCORDIA DO ANO 2003

O espírito de adaptación á realidade sociolingüística e o desexo de unificación da norma ortográfica oficial e a normativa de mínimos (que xa veremos máis adiante) seguiu coa elaboración dunha proposta en 2001 de cambios na norma oficial, obra das tres universidades galegas, do ILG e dalgúns académicos e membros da AS-PG. Coa chegada de Xosé Ramón Barreiro á presidencia da RAG esta proposta, tamén chamada por algúns “normativa de concordia” foi aceptada en 2003.

O modelo lingüístico proposto baséase fundamentalmente na lingua viva falda polo noso pobo, limpa dos elementos alleos que non son necesarios, trata de seguir a mellor tradición histórica, busca que nel se sinta representada a maioría dos falantes [...] A busca da concordia lingüística explica que se introducisen aspectos asumibles doutras propostas normativas.

Vexamos as novidades introducidas naquel ano:

- Engádese unha sección adicada ao uso do apóstrofo, esquecido nas dúas primeiras versións.
- Elimínanse os signos de interrogación e exclamación ao inicio dunha oración, salvo en casos de ambigüidade.
- Os pronomes interrogativos xa non se acentuarán nas oracións interrogativas indirectas.
- Suprímese a primeira consoante dos grupos cultos intervocálicos CT e CC cando a vogal precedente é “i” ou “u”: condutor, conflito. Mantense nalgúns vocablos cultos (“edicto”) ou ben a primeira C múdase na vogal “i”: reitor, seita.
- Adóptase o sufixo “-aría”, por ser considerado maioritario no galego medieval e o resultado fonético regular da evolución do latín (temos pois un exemplo do xa comentado criterio etimolóxico): “librería”, “Consellaría de Pesca”
- Algunhas palabras pasan a rematar en -za, -zo por seren considerados solucións patrimoniais: diferenza, espazo, graza, licenza, nacemento, novizo, perseveranza, presenza, querenza, sentenza, terzo, servizo. Considéranse oficiais as formas Galicia e Galiza.

Isto entra en contradición co exposto nas Normas de 1982 e 1995.

- Preferencia pola solución -bel, -beis e non-ble, -bles.
- Simplificación da regra de formación do feminino: -án > -á; -ano > -ana; -ón > -oa. Consérvanse -án > -ana e -ón > -ona como sufixos pexorativos.
- O artigo determinado terá oficialmente a forma o, os, a, as. O alomorfo “lo” reduce o seu uso á contracción coa preposición “por” e o adverbio “u”.
- A contracción “ao” é a forma preferida, e non “ó”
- Engádesse a categoría do relativo posesivo “cuxo” que non existía nas normativas anteriores, por ser considerado castelanismo ou lusismo.
- A preposición “até” será tamén normativa, seguindo o criterio da forma empregada na tradición literaria moderna.
- Na morfoloxía verbal, as P4 e P5 do pretérito de subxuntivo serán esdrúxulas: atopásemos, atopasedes.
- Elimínanse as formas do pronome demostrativo neutro *esto, *eso, *aquelo sendo só válidas isto, iso, aquilo.
- Cambios na escrita dalgúns adverbios: Escríbense xunto: acotío, decontado, decontino, decotío, deseguida, deseguido, enseguida, apenas, amodo, devagar, talvez.
- Elimínanse: *unque, *nembargantes, *sen embargo (prefírese a forma “porén”)
- Outras modificacións léxicas: “vogal” (*vocal), “estudo” e derivados “estudiante”, “estudar”, etc. (*estudio, *estudiar...); “pau”, “bacallau”.

Estas modificacións do ano 2003 foron vistas por algúns sectores como un intento de achegarse á normativa reintegracionista de mínimos, que propón formas máis próximas das portuguesas. Nós non queremos valorar estes cambios mais é verdade que o feito de se pareceren ás formas portuguesas non debería ser un escándalo, xa que estamos a falar de dúas linguas cunha historia común e a RAG non inventa as novas normas partindo da nada. En todo caso, as iniciativas que procuren o consenso das distintas propostas normativas deben ser benvidas.

Velaquí un pequeno cadro con exemplos da evolución da normativa:

1982 e 1995	2003
ocupasemos un espacio	ocupásemos un espazo
unha muller alemana	unha muller alemá
gracias ó rector	grazas ao reitor
tódo-los productos	todos os produtos
ata Galicia	até Galiza

4. ARREDOR DA NORMA

Toda norma é susceptible de suscitar opinións positivas e negativas, entón non nos sorprendemos se arredor da normativa do galego houbo (hai e haberá) un amplo debate.

O primeiro aspecto de que falaremos é a aceptación social do galego estándar. Aínda hoxe moita xente non comprende que nas escolas ensínen unha lingua que eles consideran ficticia e irreal. “así non fala ninguén” din algúns ou “a miña avoa non comprende o galego oficial” din outros, estas son opinións respectábeis pero que non se axustan a realidade. Para algúns falantes o galego estándar é só un rexistro máis que utilizan en determinados contextos.

Lingüísticamente o galego estándar está máis perto das variedades dialectais faladas no territorio galego do que o eúscaro batúa dos dialectos vascos. A RAG non creou un idioma da nada, partiu da realidade galega para fixar unhas normas comúns e consolidar unha variedade supradialectal e unificada que fose válida para a escrita e os usos oficiais, que non poden recoller todos e cada un dos rasgos dialectais galegos. Os que din que así non fala ninguén saberán tamén que ninguén fala o castelán da RAE aínda que un canario e un navarro entenderanse sen problemas porque teñen unha lingua estándar común, un idioma compartido que é a lingua do ensino, da Administración estatal e dos medios de comunicación.

No caso do galego o debate sobre a norma oficial ten outros protagonistas. A lingua galega ten alomenos dúas outras “normas” apoiadas por algunhas asociacións e movementos sociais: son a normativa reintegracionista de mínimos, defendida pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) e a normativa reintegracionista de máximos, apoiada entre outros por AGAL (Associação Galega da Lingua). Existe tamén

unha corrente lusista que defende o uso da gramática, da ortografía e do léxico portugueses. Vexamos un pequeno cadro con algunhas das diferenzas entre a normativa oficial e as outras propostas:

Alguns autores (Mariño, Lorenzo Suárez) falan de estandarización serodia, o cal tería provocado un debate aínda aberto sobre a normativa. Outras

O Director Xeral de Política Lingüística en 2003 (gobierno do PP), Xesús Pablo González Moreiras indicaba que para o seu departamento “o problema normativo preocupa en canto incide na normalización e está claro que un maior acordo será moito máis positivo”. O sociolingüista e coordinador da sección de Língua do Consello da Cultura Galega, Henrique Monteagudo opinaba

RAG / ILG	Reintegracionismo de mínimos	Reintegracionismo de máximos	Lusismo
en Galicia/ en Galiza	<i>na Galiza</i>	<i>na Galiza</i>	<i>na Galiza</i>
Unha	<i>unha</i>	<i>umha</i>	<i>uma</i>
Nación	<i>nazón</i>	<i>naçom</i>	<i>nação</i>

voces alzaranse contra unha normativa que é vista como artificial, así, a opinión de Xesús López Fernández no ano 2002 (en xornal.com) que pode resumir a de moitos galegofalantes:

“Non sei, pero coido que a Academia non ha tardar en retoma-la cuestión da normativa de concordia que algúns intentaron colarnos alá polo mes de novembro do 2001 e que esa tal normativa sería máis que un aval cara o futuro un certificado de defunción. Non hai que traicionar, hai que levantar acta do galego vivo, do galego que moitos están a abandonaren e, como dixo Sarmiento, construí-lo idioma a partir da fala, ser en todo momento analóxicos, deixarse de inventos peligrosos”

Canto á normativa de 2003, a chamada “normativa de concordia” descrita no apartado anterior do noso traballo, a maioría das opinións foron positivas, superando así o debate estéril que retende unir á lingua algunhas cuestións políticas. O presidente da RAG Xosé Ramón Barreiro considerouna “a mesma e só se alteran algunhas cuestións con cambios que veñen avalados por un estudio previo”. Antón Santamarina, director do ILG dicía: “Espero que se remate por fin co cisma ortográfico e que os que militaban na ortografía de mínimos se incorporen á oficial [...] A Academia era consciente de que a falta dunha ortografía unificada era un problema para a lingua e por iso tomou cartas no asunto e actuou correctamente”

que a nova normativa “non supón unha ruptura coa norma anterior e mellora mesmo desde a súa propia lóxica interna; ten coherencia e satisfai as partes participantes co cal garántese a estabilidade”

“Para todos os editores é unha alegría que se teña chegado a esta concordia”. Así recibía a noticia do acordo normativo a presidenta da Asociación Galega de Editores, Fabiola Sotelo, representantes dun dos sectores que máis directamente se verán afectados na aplicación dos cambios producidos. “Trátase dun paso importante para o futuro da lingua que vai ser aceptado pola inmensa maioría dos escritores” opinou Euloxio Ruibal, presidente da Asociación de Escritores en Língua Galega.

5. CONCLUSIÓNS

Ao longo destas liñas non tentamos de facer unha crítica nin unha defensa das normativa do galego establecida pola RAG. Tampouco quixemos entrar no eido da política. Este traballo quere servir de resumo e base teórica para aqueles que estean interesados nas cuestións referentes á estandarización ou normativización do galego.

Ante todo normativizar unha lingua que non tiña protección oficial até o ano 1983 era un obxectivo prioritario e unha necesidade para garantir o seu futuro. Xa mencionamos na nosa introdución o caso de dúas linguas moi próximas, o catalán e o occitano, a existencia de leis que regulan o uso da lin-

gua catalana e dunha normativa de referencia fan dela unha lingua forte e fóra de perigo, para o occitano debemos ser máis pesimistas, a falta de consenso para obter unha norma oficial que abranca todas as variedades dialectais e a non oficialidade convérteno nunha lingua en perigo de desaparición se non se toman as medidas necesarias.

Por iso o galego debe esquecer os debates inútiles e procurar o consenso. A desunión xera desconfianza nos falantes, que deben dispoñer de referentes fortes, dunha normativa respectada e realista, coherente coa historia da lingua e coa sociolingüística. En palabras de Serafín Alonso Pintos, estudoso da estandarización da lingua galega:

Pero unha reagrupación táctica dos usos gráficos reforzará o centro normativo e permitiría compartir tempo e aliar esforzos noutras fronte do noso conflito lingüístico onde se libran batallas ben máis decisivas para o futuro da lingua

É dicir, a batalla importante é a do uso e a da normalización, o tema da normativización debería ficar fóra de polémicas.

Non debemos temer os cambios e as modificacións, imaxinan acaso falar o castelán descrito por Elio Antonio de Nebrija no século XV? A lingua é un organismo vivo, en movemento, aberto ás novidades, sobre todo no contexto actual da globalización; Por iso cómpre facer os “axustes” necesarios de cando en vez para asegurar que haxa un equilibrio entre a lingua e a realidade da rúa.

Será importante o papel dos medios de comunicación e das institucións públicas galegas para a difusión da lingua e da súa normativa oficial (tomemos o exemplo da TV3 e doutros medios cataláns), sen esquecermos dos escritores. Os vinte e cinco anos pasados dende a redacción da primeira normativa oficial parecen poucos en comparación coa longa historia do galego, mais este carto de século vivido en liberdade foi a época de recuperación oficial da lingua. Esperemos que dentro de outros vinte e cinco anos poidamos escribir de moitos máis cambios na normativa, iso será sinónimo da boa saúde do galego.

6. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALONSO PINTOS, Serafín (2002): *Para unha historia do estándar galego. As propostas do período 1966-1980*. Madrid: UNED.
- BESWICK, Jaime E. (2005): *Regional nationalism in Spain. Language use and identity in Galicia*. Clevedon: Multilingual Matters.
- BOUZADA, Xan & MONTEAGUDO, Henrique (2004): *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume III: Difusión da lingua*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- LORENZO SUÁREZ, Anxo M. (2003): “A estandarización contemporánea da lingua galega: algunhas características sociolingüísticas desde a perspectiva da variación social”, *Galicia dende Salamanca*, n.º 4. Salamanca: Universidad, 2003, pp.161-184.
- MAR-MOLINERO, Clare (2000): *The politics of language in the Spanish-speaking world*. Londres: Routledge.
- MÉNDEZ ÁLVAREZ, María Xesús (2004): *Ortografía da lingua galega: descrición, regras e dotados*. Vigo: Xerais.
- MONTEAGUDO, Henrique (1999): *Historia social da lingua galega*. Vigo, Galaxia.
- REAL ACADEMIA GALEGA & INSTITUTO DA LINGUA GALEGA edits. (1982): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Vigo: RAG (1.ª edición).
- (1995): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Vigo: RAG (13.ª edición).
- (2003): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Vigo: RAG (19.ª edición).